

AER PROPONLLE AO GOBERNO LOCAL UNHA BATERÍA DE ACTUACIÓNS DE CARA AO REMANENTE DO ANO 2018



Actualmente o Concello de Redondela conta cun remanente de 1,6 millóns de euros, que tras a publicación do *“Real Decreto-ley 1/2018 de 23 de marzo, por el que se prorroga para 2018 el destino del superávit de las corporaciones locales para inversiones financieramente sostenibles y se modifica el ámbito objetivo de éstas”*, poderíase invertir en diferentes obras ou actuacións necesarias para o Concello. Por este motivo, unha vez publicado este decreto e que dende o goberno local se indicase que se poderían realizar aportacións de actuacións nas que invertir este remanente, dende AER procedeuse a recompilar diferentes demandas e necesidades veciñais así como propostas que a Agrupación de Electores levaba tempo realizando, e a remitilas por rexistro ao goberno local.

Estas propostas de inversión son de diversa índole, centrándose en cuestións de mellora enerxética, espazos verdes, accesibilidade, cultura ou instalacións deportivas:

- Supresión de Barreiras Arquitectónicas e de Accesibilidade (complementario ao que se realice cos fondos do Redondela 2020). Tanto en edificios públicos municipais como en beirarrúas, pictogramas, etc.
- Obras de eficiencia enerxética en edificios públicos municipais (de Redondela e parroquias): xanelas, iluminación, calefacción,... (complementario ao que se realice cos fondos do Redondela 2020).
- Execución de fases establecidas no proxecto de eficiencia enerxética de iluminación exterior (complementario ao que se realice cos fondos do Redondela 2020).
- Rehabilitación da Telleiras (complementario ao que se realice cos fondos do Redondela 2020). Adquisición de terreos, actuación sobre o patrimonio, accesos, sinalización, posta en valor e difusión,...
- Elaboración dun Plan de mobilidade interparroquial e intraparroquial que determine a prioridade de vías nos que actuar. Este plan sería de aplicación á hora de aplicar recursos do remanente e os propios do orzamento anual do concello nos vindeiros anos.
- Elaboración do Plan Municipal de Xestión do Patrimonio e realización dalgunha das fases de actuación para a posta en valor, sinalización e mesmo intervencións para rehabilitación de elementos.
- Mellora integral do paseo da punta de Cesantes. Incluiría a adecuación da pasarela de madeira segundo criterios técnicos de especialistas na materia, no areal para que transite e evacúe a auga axeitadamente pola súa parte inferior.
- Creación de local compartido para asociacións aproveitando a recente cesión da antiga Casa do Mar, como alternativa que podería chegar a ser de consenso a proposta inicial de AER de que fose realizado no Multiusos de Redondela.
- Instalación de sistema de gravación de plenos automático e emisión en directo vía redes sociais.
- Posta en valor, mellora, acondicionamento e actuación respectuosa na ruta dos muíños do Río Pugariño.
- Creación de aparcadoiro disuasorio en Redondela, Chapela e no entorno da praia de Cesantes.

- Creación pista de atletismo.
- Actuacións de mellora das escolas unitarias do concello, tanto do edificio educativo como do seu entorno dotándoos axeitadamente (elementos de xogo homologados, hortas escolares, etc)
- Estudos de toponimia e micro toponimia por parroquias e difusión. Que inclúa unidades didácticas para os diferentes centros educativos incluíndo actividades interactivas e unha metodoloxía baseada en proxectos.
- Reforma Campo de fútbol do Viso.
- Ampliar a senda auga ata Ventosela e O Viso mediante pequenas actuacións de conectividade e aproveitando as pistas forestais existentes.

De cara a explicar debidamente estas propostas, a Agrupación de Electores vén de reunirse este martes día 17 co goberno local, dando conta unha por unha das actuacións propostas. Do mesmo xeito aproveitouse esa reunión para coñecer se había outras propostas dos demais grupos municipais e mesmo as propostas do goberno local que ata a data non foran remitidas aos demais grupos municipais.

Dende AER indicouse que se estudaría a información proporcionada e as limitacións establecidas polo Real Decreto-ley 1/2018 e así posteriormente na comisión oportuna, conxuntamente cos diferentes grupos, expoñeríanse as cuestións e observacións oportunas. Tamén se é consciente dende AER que a relación de actuacións propostas é exhaustiva e que polo tanto é unha cuestión de vontade política do goberno municipal encaixar estas demandas veciñais neste remanente, nos programas de gasto anuais do Concello ou dentro do Redondela 2020 da Estratexia DUSI que conta con axuda FEDER.

Redondela, 18 de abril de 2018